

POETAS DO SÉCULO XXI

► Deseñadora intimista de escenas e imaxes, sabe que existe unha 'memoria sentimental', un 'lugar' necesario para levar a cabo a acción poética ► O poema maniféstase como natureza, tempo, contemplación, materialidade, experiencia de vivir e a música agromando na memoria

Olalla Cociña, música e metafísica do lugar



Miguel
Anxo
Fernán
Vello

a tristeza do bemol

e dentro da casa
o xardineiro deseñaba a forma do xardín
o lugar onde había de colocarse a estatua dunha deusa
os sucos para as sementes
gustáballes poñer música para traballar
e quería que as bandas sonoras da súa vida fosen alegres
que soasen a cantina a pasarrúas con moitos acordes maiores
así que entusiasmado
o xardineiro mercou un acordeón pequeno no que alguén tocaría

polcas valsas muiñeiras pasodobres mentres el araba a terra
mais o instrumento foise enchendo de po porque os días pasaban
e na casa non había ningún que soubese de música

sen embargo difusas de lonxe chegaban as notas dun tango
agora un réquiem
outro día un blues anoitecéndose
era un misterio saber de onde viñan aqueles do mi fa derreténdose
bemoles coma coitelos de cortar a carne adagios imposibles

caeron as lúas pouco a pouco o xardineiro foi esquecendo o seu oficio
foi aborrecendo a casa ata caer nun pentagrama de melancolía
mentres nos cuartos do silencio en saquiños
agardaban as sementes de outrora recubertas de bafo
as non nacidas rosas milicroques bugambilias malvas
os pasos dun xardín nunca percorrido

Olalla Cociña (Viveiro, 1979) estudou Xornalismo na Universidade de Santiago de Compostela e este mesmo ano 2004 foi galardoada co Premio de Poesía 'Avelina Valladares' pola obra titulada *As cervicais da memoria*, primeiro libro da autora, que verá a luz proximamente. No ano 2000 obtivo tamén o 'Premio de Poesía O Facho' e poemas da súa autoría viron a luz en diversas revistas especializadas, entre elas a pres-

tixiosa revista de poesía e pensamento poético *Serta*, editada en Madrid pola UNED. Unha primeira aproximación á poesía de Olalla Cociña –voz poética que, sen dúbida ningunha, dará que falar no futuro– nos fai lembrar o aserto de Nietzsche cando este investiga nos valores da evocación e da memoria, non sen unha certa melancolía antropolóxica: "O ser humano é un animal que recorda". E a nosa poeta, deseñadora intimista de escenas e ima-



Olalla Cociña

xes, sabe que existe unha 'memoria sentimental', aquela que reivindica Joan Margarit para o poema, un 'lugar' necesario para levar a cabo a acción poética. No poema inédito de Olalla Cociña que hoxe ofrecemos aos lectores, está presente, en estrutura perfecta de narratividade e temporalidade, ese 'lugar' ou centro –o 'tempo' do poema–; unha suave iluminación que percorre os versos en forma de música, lentísimo blues que é toda unha estratexia para a contemplación da soledade: ... "e na casa non había nin-

guén que soubese de música". Introspección e análise existencial, suspensión do ser, visión espectral e metafísica do cotián. Sabemos que o xardín –"os pasos dun xardín nunca percorrido"– é un símbolo da conciencia e representa un particular estado espiritual. Na antiga Persia o xardín atinxe significación cósmica, metafísica e aínda mística. E en Olalla Cociña o poema maniféstase como natureza, tempo, contemplación, materialidade, experiencia de vivir e a música agromando na memoria.